

# Historia da Doncela Encantada

Un relato sentimental nas montañas de Trevinca



Antonio Fernández Pena (Cholo)

# PENA TREVINCA

## REDE NATURA 2000

ZONA ESPECIAL CONSERVACIÓN ZEC ES1130007  
ZONA ESPECIAL PROTECCIÓN AVES ZEPA ES0000437

### Autor

Antonio Fernández Pena (Cholo)

### Ilustración

Cristina Yáñez Britos

### Coordinación

M. Gloria Luis Santamarina

### Corrección lingüística

Carolina A. Domínguez Castro

### Edición

Asociación de Hostalaría e Turismo de Trevinca (Trevihost)

### Financiación

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia

### Cofinanciación

Concello da Veiga

### Impresión

A Imprenta Ourense S.L.

D.L.: OU 000-2021



## Presentación

Esta publicación forma parte das accións realizadas pola Asociación de Hostalaría e Turismo de Trevinca (TREVHOST) para dar a coñecer os extraordinarios valores medioambientais e culturais das Montañas de Pena Trevinca.

A fascinación polos encantamentos e os tesouros ocultos; a existencia de elementos simbólicos da mitoloxía popular galega (auga e lagoa); a presenza das figuras míticas da serpe e a moza casamentaria (moura) ou o intre do encantamento (a noite sanxoaneira, considerada o auténtico solsticio de verán, o "*sol detido*") forman parte das nosas tradicións, herdadas nos nosos devanceiros e transmitidas de xeración en xeración e, por conseguinte, do noso patrimonio cultural.

Salvagardar este patrimonio inmaterial e manter viva a lenda contribuirá a que a Lagoa da Serpe sexa un destino único, con alma propia e con selo de autenticidade que o visitante saberá valorar.

Os integrantes da Asociación TREVHOST que vivimos e traballamos na primeira línea da Rede Natura 2000, convidámosvos a coñecer, gozar e descansar no espazo natural protexido Pena Trevinca ao tempo que vos facemos un chamamento a preservar os singulares valores naturais, paisaxísticos e culturais das nosas montañas.





## Preámbulo

Creo que os soños e as lendas van en moitas ocasións da man. A fascinante lenda da Lagoa da Serpe convirte un lugar incomparable en máxico. O soño dun pobo unido que loita por reivindicar A Veiga-Trevinca como un dos referentes da montaña xa é realidade, e acabará converténdose en lenda.

Non podo perder a ocasión de agradecer en nome dos veciños deste Concello a labor, absolutamente solidaria, realizada polos integrantes de Trevihost nos últimos anos, sinceramente grazas. Loitaron por construír unha montaña cun gran presente e cun enorme futuro dende o respecto á natureza, á promoción intelixente, dende a paixón e vocación de quen loita firmemente polo que cre e soña.

Os mitos e lendas dende logo teñen un valor turístico e antropolóxico indiscutible, gracias a esta obra e a vosa labor, a Serpe que soña con algún día ser libre, estará sempre máis acompañada por xente que defende e reivindicada o noso territorio, a nosa lagoa, o teito de Galicia, e a nosa e vosa Trevinca.

Cando os lectores comeceades a ler este entrañable conto, formaredes parte da Lenda da Lagoa da Serpe para sempre, seredes parte dese mito que deberedes dar a coñecer e defender, seredes membros dese grupo de xente que cren nunha natureza sostible e da que todos debemos desfrutar con respecto. Cando rematedes, A Veiga-Trevinca será a montaña pola que teredes que loitar.

*Juan Anta Rodríguez  
Alcalde do Concello de A Veiga*



## Prólogo

Temos por fin nas nosas mans a fermosa lenda da Lagoa da Serpe editada. Este acontecemento constitúe un motivo de grande alegría. En primeiro lugar, e aquí falo como xeógrafo, porque calquera publicación desde e sobre o local é sempre unha boa nova. Isto resulta particularmente importante nun país dado a esquecemento —como reza o noso himno nacional—, no que as memorias das formas de vida e os modos de existencia de bisbarras enteiras están a morrer, ou xa morreron, ao ritmo da extinción das comunidades que as percorrían, traballaban, gozaban, sufrían... A través de iniciativas intelectuais coma as que sosteñen este libro poderemos disputar a memoria e, dese modo, producirmos patrimonio no seu sentido máis elemental: aquilo que, herdado do pasado, hoxe en día consideramos tan valioso que queremos transmitir ás xeracións futuras. Non se trata, cómpre subliñalo, de promocionar «recursos», como se di agora, para ateígalos de turistas. O que de verdade precisamos é sermos conscientes do que temos, de xeito que medre a nosa autoestima colectiva, que falla nos fai, e que deamos xerado discursos propios, evitando, en fin, que sexan succionados por procesos alleos de extracción de valor.

En segundo lugar, cómpre salientar que este relato constitúe máis unha das moitas historias de ouro do amigo Cholo, o autor deste libro que teño a honra de prologar. Nunha versión oral, oínllo contar varias veces. Tamén, hai máis dunha década, agasallárame cun caderniño datado en 2004, en branco e negro, cunha portada a cor na que aparecía ilustrada a protagonista do libro, tanto en forma de doncela como de serpe. Polo tanto, este texto xa estaba concibido, mais non podía acadar difusión, alén dos círculos reducidos nos que se compartira. Ao analizar agora este, constato diferenzas substanciais coas palabras escoitadas ou lidas nesoutro. Con certeza, esta nova versión incrementa o valor do traballo. Así, o gran público poderá experimentar a tradición da serpe que habita a súa lagoa homónima; ou, se se prefire, mergullarse nun dos contos que creou o maxín popular para darlle sentido a un medio de alta montaña tan duro no que por necesidade tiveron que emerxer relatos de forzas telúricas que atrapaban e posuían as persoas.

O terceiro e último aspecto, mais non por iso menos importante, fai referencia ao espazo protexido no que se insire a Lagoa da Serpe: a actual Zona de Especial Conservación (ZEC) de Pena Trevinca. A denominación xurídica é unha fría construción institucional que nos remite á Rede Natura 2000, unha iniciativa comunitaria que permitiu que no noso país pasásemos dunhas porcentaxes de territorio protexido pírricas na década de 1990 a contarmos con máis do 10% do conxunto nesa situación. Porén,

esa protección é xenérica: na actualidade, a través da Lei 5/2019, correspóndese maioritariamente coa categoría de Espazo Natural Protexido Rede Natura 2000, situada no chanzo inferior do sistema. En casos como Pena Trevinca, resulta urxente facer un paso adiante implantando un Parque Natural, non só polo seu alcance territorial e polos seus inherentes valores naturais, culturais ou paisaxísticos, senón porque pode permitir, se se fai ben, contar cunha ferramenta activa de desenvolvemento socioeconómico. Por outra banda, o parque que reclamamos é moi lóxico, na medida en que a ZEC é contigua ao Parque Natural do Lago de Seabra e Serras Segundeira e de Porto. Estando situados no cume máis alto a pregunta sempre é obvia e ferinte: por que a súa cara leste é parque natural e non o é a súa cara oeste?

Cando se fala de Rede Natura 2000, adóitase pensar en hábitats e aves; é lóxico: son as categorías centrais de cadansúas directivas comunitarias, de 1979 e 1992, respectivamente, que a implantan. Así, a inclusión de Pena Trevinca na Rede Natura 2000 debeuse ao recoñecemento duns hábitats, ou dunhas aves, de entre os listados nos textos legais da Unión Europea. Porén, este proceder pon as cousas difíciles na procura das necesarias complicidades sociais nas proteccións, porque se trata de linguaxes non sempre ben comprendidas ao afastárense das persoas que as habitan. Asemade, na lectura xeográfica da cal participo, o territorio non é só o ambiente e/ou a natureza, senón tamén a sociedade, a economía, a cultura, etc., aspectos, todos eles, a abranguer baixo a paraugas da sustentabilidade. Por fortuna, estou convencido de que este libro achega moito no eido intanxíbel e inmaterial, unha dimensión que, como a flora ou a fauna, tamén resulta indisociábel da identidade destas montañas.

O Cholo dinos que lle dedica este texto ás persoas que aman. Por suposto, hai nestas páxinas pegadas fortes de amor: o aparente é o que xorde entre a moza e o mozo, mais sobrevoa outro máis profundo, e coído que máis intenso, polas Montañas de Trevinca. Ambos os dous son románticos, aínda que adoitemos cinguir erroneamente o romanticismo ao primeiro sentimento. Mais a segunda variación resulta tanto ou máis relevante, pois hoxe en día precisamos de complicidades para xerar un caudal de amor que faga fronte ás agresións que se proxectan nas nosas montañas, por exemplo, as megainstalacións eólicas e a minería. Que o ímpeto da serpe da lagoa nos axude. O Cholo invócaa talvez, tamén, por iso.

*Valerià Paül Carril.*

*Profesor de Xeografía (Universidade de Santiago de Compostela)*




CONTOS e LENDAS  
na Rede Natura 2000 - PENA TREVINCA

---

# Historia da Doncela Encantada

Un relato sentimental nas montañas de Trevinca





## O Anción

Non sei como comezar esta historia que me contaron hai moitos anos. O mellor será empezar polo momento no que coñecín a aquel ancián.

Durante a montaxe das tendas de campaña no Campamento Internacional de Montaña do ano 1976, organizado polo Club Montañeiros Celtas de Vigo no Escambrón, ao fondo do val glaciar do río Xares , reparei que un home xa maior, sentado nunhas pedras, preto de nós, nos observaba coa curiosidade dunha persoa que dispón de moito tempo.

Do ancián chamoume a atención a súa figura, alto e delgado, a descoidada barba deixaba ver un rostro nobre de avanzada idade, os seus ollos azuis e un sombreiro vello, completaban a



imaxe, para min, moi apropiada para un asceta, ou un sabio renunciante ás comodidades e luxos deste mundo.

Coa excusa dunha pregunta sobre o lugar do campamento no Escambrón, comezamos unha interesante conversación, primeiro, sobre o que nós estabamos facendo nese lugar como montañeiros, e despois, sobre diferentes aspectos da súa vida e da súa maneira de pensar sobre o mundo e as persoas. José María, que así era como se chamaba o home, falábame de xeito lento e ton suave; as súas razóns, claras e naturalmente sinxelas, podíamos atopalas en textos sobre espiritualidade, natureza intelixente, respecto á vida ou amor polos animais.

Cando lle ensinei a José María o folleto do Campamento Internacional e o texto da lenda “A Lagoa da Serpe”, leuno moi atentamente e a continuación díxome: “está moi ben e gústame a lenda, pero eu coñezo a historia doutra maneira”.

Por moitos motivos, sempre crin que a versión do mozo que intenta desencantar a princesa convertida en serpe, podía ser a máis correcta buscando razóns antropolóxicas, pero escoitar outra versión da lenda contada por aquel ancián parecíame moi interesante.

*“Por favor José Maria, cóntame a lenda tal como a ceñeces ti”*



“Por favor, José María cóntame a lenda tal como a coñeces ti”, díxenlle. Quedou pensativo mirándome fixamente e sentín como a súa mirada percorría o meu rostro intentando pescudar se valía a pena ou non depositar en min os seus recordos. Despois dun instante que me pareceu moi longo, contestoume: “contareiche a historia tal como ma contou unha anciá cando eu era moi novo, pero non podes preguntar quen era esta muller, nin como se chamaba, nin onde vivía, iso non cho podo dicir”.

O ancián comezou a falar somerxido nos seus recordos e imaxes da súa afastada infancia. “Ninguén sabe exactamente cando ocorreron estes feitos, a historia foi pasando de anciáns a nenos a través dos anos, quizais esta sexa a última vez que se conta”, díxome. Antes de que comece, pídoche un favor, amigo montañeiro: “Non me interrompas en ningún momento mentres non termine todo o meu relato”. “De acordo, José María, así o farei”, contesteille.

## A Historia

Cando moi poucas persoas coñecían o nome destas montañas, e as persoas que aquí moraban tampouco se afastaban moito delas, chegou ao lugar un home chamado Ordoño, de gran corpulencia e con fama de temible bruxo; canda el viña tamén a súa filla, unha rapariga chamada Xeila.

Instaláronse na antiga casona nas aforas da aldea, nun lugar coñecido como O Outeiro, por este motivo a don Ordoño, tamén se lle coñecía como o Bruxo do Outeiro.



As xentes das aldeas acudían a el na procura de remedios preparados con diferentes plantas e outros ingredientes secretos, e tamén para lle solicitar noticias dos seus familiares xa falecidos. Contaban, ademais, que o Bruxo podía falar cos mortos e adiviñar o futuro nas cinzas do lume. Tamén podía converter as persoas en grandes pedras ou diferentes animais. Todo o mundo o temía, sobre todo cando se enfadaba. Os homes con fama de fortes e valentes perdían o seu valor cando Ordoño chegaba ás aldeas.


O que máis asombraba e inquietaba os aldeáns, era que con este temible bruxo puidese vivir a súa filla Xeila, unha rapaza de delicada beleza. Os seus ollos azuis e a súa longa melena de intensa cor dourada, contrastaban coa renegrida cor do rostro e cabelo do seu pai.

Cando nalgunha rara ocasión se lles vía xuntos, era difícil crer que ambos puidesen ser pai e filla. A voz e o xesto sempre amable da rapaza contrastaban coa ruda e desagradable presenza do pai.

Nesta aldea que non debo nomear, tamén vivía o mozo Mael cos seus pais Breixo e Alda. Nunha ocasión, Mael e os seus pais tiveron que ir á casa do Bruxo, porque Alda, a súa nai, levaba tempo sufrindo fortes dores nas costas a consecuencia dunha caída de anos atrás. Cando chegaron á casa, a rapaza Xeila abriulles a grosa porta de carballo. Mael había moito tempo que non vía a rapariga. A última vez que lembraba foi cando os seus pais compraran un tenreiro na feira da Veiga; tamén lembraba que a nena ía collida da man do seu pai, e que as súas miradas se cruzaran permanecendo fixas durante uns instantes.







*"A nena ía da man do seu pai"*

Os anos foron pasando, e agora aquela nena convertérase nunha bela moza que lle sorría, quizais lembrando aquel primeiro encontro.

Todo cambiou de súpeto coa presenza de don Ordoño, o agradable momento do encontro dos dous rapaces terminou bruscamente. “Que queredes de min?”, preguntou o bruxo. A chegada do pai fixo que Xeila desaparecese con rapidez no interior da casa.

Mentres que o bruxo atendía a súa nai e lle entregaba uns envoltorios de herbas, Mael puido observar como se movían unhas cortinas no fondo do cuarto e a moza lle sorría con agrado.

Esa noite, Mael apenas puido durmir, non podía deixar de pensar en Xeila. O sorriso da moza demostraba interese por el. Con todo, os seus ollos reflectían unha grande pena parecendo pedir axuda.

Á mañá seguinte, aproveitando que o rabaño pastaba preto do Outeiro, e que o bruxo saíra da casa a recoller as plantas tóxicas para as súas beberaxes como o beleño, a cicuta ou o estramonio, ademais doutras plantas e cogomelos de recoñecida fama entre os bruxos. O rapaz acercouse á moza, pero ela advertiulle que o seu pai chegaría antes de pórse o sol e non podía atopalos xuntos. Durante ese tempo falaron das súas vidas e dos seus sentimentos. Ela contoulle que moitos anos antes, o seu pai fora unha persoa amable e sempre sorrinte, pero todo mudou cando a súa nai caeu enferma e faleceu pouco tempo despois. Pouco a pouco, as sombras e a amargura foron ocupando todos os recunchos da casa. A lectura de




libros de maxia, grimorios de encantamentos e de tratos maléficos ocupaban todo o tempo do pai.


Don Ordoño repetíalle continuamente á súa filla que sempre viviría con el, e que non consentiría que ninguén a apartase do seu carón.

Para Xeila, os días pasaban lentos e tristes, a ilusión e a alegría xa había tempo que abandonaran a casa, pero o encontro con Mael resucitara nela as ganas de vivir, de ser feliz. Non sabía moi ben o que lle estaba sucedendo, que era o que estaba sentindo, pero en todo momento a imaxe do mozo ocupaba os seus sentidos e formaba parte dos seus soños. Os encontros co raparigo convertéranse na única razón do seu vivir diario.

Nalgúns momentos da narración, José María quedaba absorto en si mesmo mirando fixamente as pequenas flores entre a herba, ou coa mirada perdida seguindo as nubes no ceo azul. Neses breves momentos de silencio, o seu rostro parecía iluminarse cun tenue sorriso... Estaría pensando o ancián nalgún amor de xuventude?. Nalgunha ilusión sentimental que non puido ser?. Quizais nalgunha moza da cal namorouse e non se atreveu a declararlle o seu amor?. Non sei cal podía ser a razón, pero eses instantes de silencio parecíanme parte do seu relato.

Os encontros dos dous mozos fóronse facendo cada vez máis frecuentes. Aproveitaban todas as circunstancias posibles, e





mediante diferentes sistemas de aviso como a cor dunha prenda de roupa na fiestra, ou unha contraventá pechada ou aberta, advertían da posibilidade ou non do encontro amoroso.

A don Ordoño non lle pasou desapercibido o cambio na súa filla. O xesto feliz e os ollos brillantes no rostro adolescente inquietárono en exceso.

A inquietude e a desconfianza na súa filla, foron dando paso ao temor de que alguén puidese roubar o seu tesouro máis prezado, o seu único ben, o recordo vivo da súa esposa como a persoa que máis quixera.

Nos pensamentos do bruxo a furia crecía por momentos, tiña que saber se a súa filla mantiña algunha relación sentimental e, neste caso, ambos pagarían moi caro o engano e a ofensa.

Tiña que preparar unha trampa para a súa filla por se eran certas as súas sospeitas. Fíxolles saber ás xentes da aldea, que se ausentaría da súa casa antes de acender as fogueiras da noite máxica, e que regresaría a ela pasada a mañá de San Xoán. A ninguén lle estrañou que o bruxo abandonase a casa durante esa noite, todos sabían que magos, bruxas e feiticeiros celebraban reunións esa noite para aprender e practicar artes maléficas. Tamén lles dixo que non se achegasen á súa casa durante ese tempo. A Xeila fíxolle prometer que durante a súa ausencia ninguén debería aproximarse á casa, e moito menos falar con ela.

Cando Mael se decatou desta nova, pensou que a ausencia do bruxo sería unha boa ocasión para poder estar xuntos os dous amantes durante bastante tempo. O mozo esperou a que se acendesen as fogueiras para acercarse ata O Outeiro. Durante esa noite, ningún sortilexio ten efecto, os encantamentos rómpense e os feitizos desaparecen a medida que crece o lume nas fogueiras, e aumenta a alegría entre o viño e as lapas que suben ao ceo.

O rapaz aproveitou a negra escuridade para achegarse ata a porta da súa querida moza. Como fixera noutras ocasións, esta vez imitou o canto nocturno da noitarega, pero só o silencio e a escuridade contestaron a Mael. Seguiu insistindo co canto da ave chamando á moza, e, cando xa pensaba en regresar á aldea preocupado pola falla de resposta, de súpeto, abriuse unha fiestra e apareceu Xeila con lágrimas no rostro. Entre os dous mozos tivo lugar a seguinte conversa:

“- Por favor Mael, vaite, prometinlle ao meu pai que ninguén podería aproximarse á casa, e menos falar con el.

- Non te preocupes Xeila, esta noite o teu pai estará moi lonxe de aquí e non hai nada que temer, antes de que amenza eu terei marchado e



ninguén se decatara de que pasamos a noite xuntos.

- Só che abrirei se me prometes que antes de que cante o galo, marcharás da casa.

- Prométocho, Xeila”, aseguroulle o mozo. Como un mal presaxio, a lúa ocultouse detrás dunhas nubes.

De novo, José María quedou en silencio durante uns instantes, non sei se para tratar de lembrar a historia, ou polo contrario, polo temor a continuar coa historia. Aproveitando o silencio, viñéronme á memoria uns versos de Rosalía de Castro que ben cadraban co momento da narración:

- Cantan os galos pra o día;  
érguete, meu ben e vaite.

- Como me hei de ir, queridiña;  
como me hei de ir e deixarte?

Antes do amencer e antes de que os galos cantasen -continuou falando o ancián-, as portas da casa comezaron a abrirse e pechase soas producindo un grande estrondo. No exterior, o vento sacudía con forza as árbores próximas e unha atronadora voz repetía con furia: “Mala filla, que fixeches?. O meu castigo será terrible”.

“Fuxamos de aquí, Xeila!” dixo o mozo suxeitando a rapaza. “Non podo abandonar o meu pai” contestou a moza. “Es ti quen ten que escapar pronto da casa! O meu pai non che poderá facer dano ningún mentres non apareza o primeiro raio de sol”.



O mozo abandonou a casa rapidamente e internouse no bosque próximo. Con gran temor polo ocorrido e tamén moi preocupado polas ameazas do bruxo cara á súa filla, fuxiu correndo e sen mirar atrás ata chegar á aldea.

As xentes saíron das súas casas ao escoitar os fortes rúidos no Outeiro, e tamén por ver como grandes e negros nubeiros se amoreaban enriba da montaña. Os lumes apagábanse nas lareiras e un vento frío percorría os tellados e as estreitas rúas da aldea, murmurando sobre un poderoso feitizo e unha terrible desgraza.

As anciás rezaban e facíanse cruces. Os nenos refuxiábanse detrás das súas nais e os homes non sabían que facer ou dicir.

*“Mala filla, que fixeches?. O meu castigo será terrible”*



Mael contoulles aos seus pais o sucedido e eles decidiron que, aquela mesma noite, tiñan que enviar, canto antes, ao rapaz a casa duns familiares que residían moi lonxe de alí.

Pouco despois, a falla de novas de todo o que pasara esa noite de San Xoán e, sobre todo, do que lle podería ter pasado a Xeila, non deixaban vivir a Mael. A rapaza aparecíasele en soños rogándolle que non a esquecera, pero tamén lle dicía que nunca máis regresase á aldea.

Algún tempo máis tarde, o mozo non puido aguantar máis a separación da rapaza e regresou ao lugar para saber que fora de Xeila. Estaba decidido a enfrontarse ao bruxo e conseguir reunirse coa súa amada.

Breixo e Alda recibiron á seu fillo con alegría pero tamén con preocupación. As novas non eran boas para el. Contáronlle ao mozo que, pasada xa a noite de San Xoán e chegado o novo día, as xentes da aldea se foron achegando con bastante temor ao Outeiro. Cando chegaron, quedaron asombrados ao ver que non quedaba apenas nada da casona, a cinza e os muros derruídos mesturábanse cos restos das traves rotas ou queimadas. Todo estaba silencioso e sen vida.

Do bruxo e da súa filla non se volveu saber nada. Desapareceron sen que ninguén puidese dar



novas deles. Só unha cousa inquietaba na aldea. No alto, nunha lagoa entre as montañas, dicíase que nas noites de San Xoán se escoitaba chorar unha moza, e outras veces, rumorear tristes palabras de amor. Algúns pastores aseguraban que viran ao atardecer, na lagoa, unha enorme serpe de grandes cabeiros e brillantes ollos azuis. Ninguén quería achegarse a ese lugar por temor ao feroz réptil. Dende entón, a esa lagoa chamóuselle “da Serpe”.

Escoitando as novas dos seus pais, Mael estaba convencido de que o bruxo convertera á Xeila na terrible serpe, non podía esquecer que en soños ela lle repetía que non volveuse á aldea.

Nuns poucos días, celebraríase a noite de San Xoán. As fogueiras purificadoras, coa alegría e o viño, farían que as xentes nas aldeas soamente pensasen en divertirse toda a noite á calor e ao resplandor do lume.

Despois de pensalo moito, Mael díxolles aos seus pais que quería subir á montaña nesa noite de San Xoán e pescudar se o bruxo convertera a súa filla na terrible serpe.

Non serviron de nada as razóns do pai nin as bágoas da súa nai. O seu amor por Xeila era moito máis forte que todas as recomendacións dos seus pais, e tamén máis poderoso que o gran temor que sentía esa noite, recordando os trágicos sucesos na casona do Outeiro.

Despediuse dos seus pais pedíndolles perdón por non seguir os seus consellos, díxolles que non podía seguir vivindo sen saber que fora de Xeila. Tamén lles pediu que non se preocupasen por el, e que, se non regresaba á aldea, sería feliz vivindo co seu amor máis querido. Bicou con pena os seus pais e desapareceu na escura noite.

O camiño que conducía á montaña foise transformando, pouco a pouco, nun estreito sendeiro, soamente recoñecible polas marcas do paso dos animais do monte.

Moi lentamente a lúa comezou a saír de entre as nubes, tamén ela quería participar na cerimonia que o amor e o destino preparaban xuntos para esa noite.

A cima da montaña estaba preto, pronto se podería ver a lagoa desde o alto. A luz da lúa dun branco prateado, permitía ver os



contornos das montañas e o fondo máis escuro dos profundos vales. Mael quedou asombrado pola beleza da paisaxe nocturna. Soamente faltaba descender un pouco para chegar ata a lagoa.

Pouco antes de chegar, sentiu que unha voz facilmente recoñecible cantaba con tristura unha antiga historia de amor. “Xeila, Xeila!”, gritou o mozo correndo cara a onde viña a voz da rapariga . “Xeila, Xeila!”, volveu chamala moi excitado. Soamente a lúa brillando nas augas da lagoa contestou as emocionadas chamadas de Mael.

O silencio soamente era roto polo canto dalgún grilo ou o croar das ras na lagoa.

“Por favor, Xeila volve comigo!”, rogou o rapaz . “Eu salvareite e poderemos volver xuntos á aldea!”, volveu repetir case chorando o namorado mozo.



De entre as rochas, e rodeada por unha lixeira néboa, xurdiu a moza de azuis e tristes ollos. Con voz doída díxolle ao rapaz “Mael, por que volviches á aldea? Por que estás aquí aumentando a miña dor? Por favor, regresa antes de que sexa tarde para ti! Para min non hai remedio, meu pai castigoume cun poderoso feitizo converténdome nunha feroz serpe. Soamente na noite de San Xoán recobro a miña imaxe de muller, e despois, cando o primeiro raio de sol toque a terra, volverei converterme nese terrible animal, que sen piedade acabará contigo”.

“Por favor, Mael, fuxe canto antes, non aumentes máis a miña dor co sufrimento eterno de causar a túa morte”, repetiu a moza.

O mozo acercouse lentamente á súa amada. Rodeouna cos seus brazos dicíndolle: “Xeila, querida Xeila! A vida non ten valor para min se non estou contigo. Prefiro mil veces morrer que vivir sen ti. Rógocho, déixame compartir o teu destino para non separarnos nunca máis! Pido ao ceo que nos permita seguir estando xuntos por toda a eternidade”, berroulle Mael á noite. A lúa, testemuña da escena, pareceu sorrir.

Unha brisa axitou suavemente a auga da lagoa. Cara ao leste, por riba da montaña que os pastores chaman de Pena Trevinca, o rosado carro da deusa Aurora xa anunciaba a próxima saída do sol.

O primeiro raio de luz que tocou a terra, sorprendeu aos dous namorados fundidos nun intenso bico de amor. Un suceso milagreiro estaba ocorrendo nas montañas de Trevinca. Unha explosión de luz cubriu a lagoa mentres os dous corpos se fundían nun só.

Esa mañá soleada, a natureza descansaba pracenteira nas montañas máis altas de Galicia. Unha parella de lobos cos seus dous lobetos, descendían alegres polo Escavadoiro cara ao val do río Xares, e unha aguia real chamaba pola súa parella. As numerosas flores de montañas lucían as súas brillantes cores.

Na lagoa, as augas chispeantes de luz e o azul do ceo invitaban a sentir a profunda paz dese momento. Todo era tranquilidade e beleza natural nas Montañas de Trevinca.

Pasados os anos, as xentes das aldeas seguían sen querer pasar cerca da lagoa. Algún valente aldeán que se atreveu a acercarse asegurou o seguinte: “A serpe ten dúas cabezas, unha delas cos ollos azuis e a outra cos ollos castaños”. Outros afirmaban, “que na noite de San Xoán se pode ver, ao carón da lagoa, unha parella de namorados mozos”.



## Epilogo

---

José María deixou de falar e mirándome fixamente, preguntoume: “Montañeiro, que che pareceu o meu relato?”. “Gustoume moito, é unha bonita narración e un belo canto ao amor eterno”, contesteille. O ancián respondeume: “Amigo, todo o que acabo de relatarche son recordos que tiña gardados para min, pero gustaríame que os aceptases como un regalo de amizade. Por iso prégoche que non lle digas a ninguén o que acabas de escoitar”. “Así o farei”, respondinlle, “pero, cando ti viaxes a ese lugar do cal xa non se volve nunca, sacarei os teus recordos da bolsa onde gardo todos os bos momentos da miña vida, e tentarei que todas as persoas coñezan a túa bela







historia de amor”. “Paréceme ben”, contestou o ancián, “cando eu realice esa viaxe tan longa, podes facer o que agora dis”.

Todo acabou igual como comezara. Amodiño, José María levantouse da pedra onde estaba sentado, despedímonos cunha cálida aperta, deille as grazas pola súa confianza en min e, un pouco triste, quedei mirando como lentamente se afastaba camiñando polo sendeiro, val abaixo cara á súa aldea. Cando desapareceu oculto na paisaxe, pensei, “Hoxe coñecín un home bo, sabio e de nobre corazón”.

Esa noite no campamento, preferín durmir mirando cara ás montañas recortadas no estrelado ceo. Os pequenos ruídos nocturnos e as sombras da noite facíanme lembrar a historia do ancián. Nese momento, todo me parecía tan real e tan posible, que cheguei a crer na felicidade de Xeila e Mael vivindo moi namorados na lagoa da Serpe, nas máxicas e belas montañas de Trevinca.

### **NOTA DO AUTOR:**

*Esta historia está dedicada a todas as persoas que sintan e crean no Amor e na Amizade, na enerxía da Natureza viva e sanadora e na poderosa forza de vontade que logra vencer todos os obstáculos e pode converter o imposible en posible.*

*Con estes dons e as normas de protección da Rede Europea Natura 2000, polas cales se declarou a estes montes Zona de Especial Conservación (ZEC), e Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), Xeila e Mael e tamén todos nós, poderemos seguir admirando e gozando durante moitos, moitos anos, da beleza da paisaxe, os fortes latexos da natureza e a maxia que sempre desprenderon as fermosas montañas de Trevinca-Cima de Galicia.*

*Antonio Fernández Pena (Cholo)*



## LUGARES, ANIMAIS E PLANTAS QUE APARECEN NA NARRACIÓN

(Por orde de aparición)

**O Escambrón** Fondo do val glaciario do río Xares. Praderías con diferentes tipos de arbustos e mato de montaña, como o sempre máxico espiño albar (*Crataegus Monogyna*), o acivro (*Ilex aquifolium*), o capudre (*Sorbus aucuparia*) ou o teixo (*Taxus baccata*).

**Río Xares** Nace a 2040 m de altitude entre Pena Negra (2121 m) e Pena Trevinca (2127 m). Precipítase con forza pola Puleira do Escavadoiro, cubrindo de humidade o Escambrón.


**O Outeiro** Alto rochoso (29T 673726 4680482) a 1307 m de altitude e moi próximo á aldea de Ponte.

**Beleño** As sementes do beleño conteñen atropina e escopolamina; constituían un elemento indispensable nos unguentos de bruxas e magos. Aplicado nas axilas ou noutros lugares máis recónditos, provocan fantásticas alucinacións. É unha planta moi perigosa polos seus graves efectos.

**Cicuta** Na antigüidade a cicuta (*Conium maculatum*) empregábase para as execucións. Sócrates foi sentenciado a morrer cunha bebida de cicuta. De cheiro desagradable e efectos de prognóstico moi grave.

**Estramonio** Coñecida como “herba dos bruxos”, o estramonio é unha planta de alta toxicidade polos alcaloides que contén.

**Noite de San Xoán** O elemento principal é o lume das fogueiras, chamadas indistintamente lumaradas, cachelas, cacharelas ou folións. Esta noite é quizais a festa de maior interese con razóns antropolóxicas, na que sobreviven mitos, crenzas e supersticións das máis fondas raíces. Auga e lume son elementos principais que forman parte desta noite de maxia, así como os feitizos e terróns sobrenaturais aos que se refire o cantar: “Por ser noite de San Xoán, noite de encantos e bruxas, por ser noite de San Xoán, téñoche medo Maruxa”.





### Mañá de San Xoán

Os feizizos e encantamentos volven ser efectivos. Bruxas e magos regresan das súas reunións e aquelarres. A auga de San Xoán que se usa para lavarse esa mañá coas 16 herbas sanadoras debería deixarse ao orballo da noite para que se cumprisen as súas razóns protectoras. Pouco despois de aparecer a Aurora co seu carro rosado, prodúcese o “baile do sol” (fenómeno de refracción), dise que “baila o sol coa lúa”. Segundo o romance que recolleu Murguía: “Madrugada de San Xoán, madrugada a máis garrida, que baila o sol cando nace e ri cando morre o día”.

### Noitarega

A noitarega (*A venoteira cincenta*) é unha ave de costumes nocturnos ou de luscofusco. O seu canto é un grave rosmar (parece unha ra). Aliméntase de insectos que caza voando, por exemplo, bolboretas e saltóns.

### Serpe

Para numerosas culturas da vella Europa, a serpe é símbolo das augas e da fertilidade, é xenio protector temido e venerado; tamén, gardiá de riquezas e tesouros ocultos. En vellos códices e bestiarios medievais dise que as serpes, cos anos, poden chegar a transformarse en dragóns e converterse no terror dos animais. Segundo o folclore popular galego e europeo en xeral, non pode morrer a causa da vellez, xa que, con cada cambio de pel, xorde un animal novo como se vencese á morte. As serpes moi vellas adquiren proporcións desmesuradas e algunhas levan un máxico rubí a modo de cuncha na cabeza. A serpe galega e outros dragóns europeos adoitan custodiar tesouros ocultos en vellos castros e dolmens. Di un refrán popular: “El que te desencantare, nove besos te ha de dare”.

### O lobo

O lobo é un personaxe singular e popular na literatura galega. É protagonista de historias nas que se lle presenta coma un animal feroz ou que se funde con persoas malditas ou tolas. Formou parte de toda unha serie de contos e lendas arredor do lume. Hoxe en día é un animal protexido e valorado como especie clave para o equilibrio dos ecosistemas.

### A aguiá real

A aguiá sempre foi considerada como un exemplo de elegancia e beleza dentro da natureza. Nunca voa baixo, sempre busca unha visión ampla do mundo. É unha ave independente. Coidan unhas das outras, malia a súa autonomía, cando unha aguiá necesita axuda, outras aves da mesma especie acoden axiña. No caso de tormenta, non se esconde como fan algunhas especies, espera no seu niño e fai fronte ao temporal. A aguiá ostenta o posto 22 en extensión das 88 constelacións, sendo Altair a súa principal estrela.

# APÉNDICE

## PENA TREVINCA

REDE NATURA 2000 - ZONA ESPECIAL CONSERVACIÓN ZEC ES1130007  
ZONA ESPECIAL PROTECCIÓN AVES ZEPA ES0000437

A Rede Natura 2000 é unha rede de espazos naturais de alto valor ecolóxico que percorre toda Europa.

A Directiva europea 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais, deu lugar á declaración de LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) e posteriormente, á declaración de ZEC (Zona de Especial Conservación).

A Directiva europea 2009/147/CE, relativa á conservación das aves silvestres, deu lugar, así mesmo, á declaración de ZEPA (Zona de Especial protección para as aves).

As Montañas de Trevinca conforman en Galicia o único conxunto de montañas que superan os 2000 metros de altitude. Dispostas a xeito radial dende un núcleo orográfico central protagonizado polos picos máis altos de Galicia (Pena Trevinca, 2127m; Pena Negra, 2221 m; e Pena Surbia, 2116 m) do que se desprenden a xeito de estrela varias serras:

- Noroeste: Serra do Eixe.
- Suroeste: Serra Calva.
- Sur: Serra Segundeira
- Leste: Serra da Cabreira baixa.

Situado dentro do Concello da Veiga, Pena Trevinca-Cumio de Galicia, (2127 m), é o símbolo de todas as montañas galegas, ademais de patrimonio natural de especial importancia dentro das montañas españolas.

Destacan as lagoas glaciares da Serpe e Ocelo; o cristón de Lombo do Roncín (único cristón de tipo alpino en Galicia, situado entre os vales glaciares do Foio Castaño e o Foio Grande); os vales glaciares do Xares, do Couto, do Canda e do regato das Morteiras; as pedreiras periglaciais (morteiras) existentes nas zonas avesadas do val de Ponte ata os 1400m ou no val do Canda ata os 1500m; e as turbeiras da penechaira da Serra Calva.

Nestas montañas atópanse hábitats de *Juniperus communis* ssp. *alpina* (xenebreiro rastreiro) de grande valor ecolóxico e bioxeográfico para Trevinca, xa que representa un extremo da súa área de distribución en toda Europa. Os xenebreiros rastreiros son frecuentes por riba dos 1900 m e acadan unha presenza moi destacable por riba dos 2000 m ao redor dos picos Pena Trevinca, Pena Negra e Pena Surbia.

As matas situadas nos altos da Corraliza son, posiblemente, as espontáneas máis occidentais de Europa.

Na cabeceira do val do arroyo do Penedo atópase o importante conxunto botánico do Teixedal de Casaio, bosque duns 400 pés de teixos (*Taxus baccata*), ademais doutras especies de árbores como acivos (*Ilex aquifolium*) e capudres (*Sorbus aucuparia*).

Destaca, así mesmo, o Bidueiral de Xares, (*Betula celtiberica*) bosque incluído no Catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

Trevinca constitúe un territorio de nidificación e campado da aguiá real (*Aquila chrysaetos*) asociada aos cantís e cavorcos rochosos de montaña. Conforma tamén o hábitat das únicas poboacións de azulenta alpina (*Prunella collaris*) de Galicia, típica ave de alta montaña que se distribúe unicamente por zonas alpinas e subalpinas. Pode vivir nos cumios máis elevados, altitudes ás que se aventuran moi poucas especies.

As Montañas de Trevinca conforman unha paisaxe tipificada como de alta montaña, onde os procesos de glaciariismo son moi evidentes e xustifican a merecida sona de Trevinca coma montañas de frío e xeo.

# Lenda da Lagoa da Serpe

Na noite de San Xoán, ao amencer e antes de que despunte o sol, aparece unha fermosa moza de longos cabelos da cor do acibeche, que peitea con indolencia sentada nunha pena lambida polas augas da lagoa.

A moza está triste e pensativa. Leva infinidade de anos aparecendo no mesmo lugar, agardando que un "mozo solteiro" se arriscase a liberala do seu encantamento.

Hai bastante tempo prestouse voluntariamente un mozo da aldea de Xares. Co fin de facerse rico desencantando a bela rapaza, na noite de San Xoán achegouse á lagoa e entre o mozo e a doncela estableceuse o seguinte diálogo:

*-“Mira Pepe: sei que es valente e arriscado e polo tanto confío en ti. Ao saír o sol, desaparecerei desta pedra e convertereime en serpe. Atravesarei a lagoa e cando me achegue a ti, cúspeme na boca que traerei aberta e volverei ser o que son agora, desaparecendo o encantamento. Se non te atreves, marcha, xa que así no sufrirei”.*

*-“Mira muller -contéstalle Pepe-, son un home probado e non teño medo, e, se veño aquí, é para desencantarte e casar contigo”.*

*-“Ese é o premio que ten o que logre romper o feitizo, así como enormes riquezas que a tesouro a través de moitos anos e o reino que me corresponde”.*

Neste medio tempo, iniciouse a saída do sol, desapareceu a rapaza e apareceu unha enorme serpe que cos seus asubíos "facía tremer o teso" (o Teso, monte próximo) -palabras textuais do narrador-, impresionaba de máis a Pepe, que por máis da súa valentía, foxe espavorecido sen atreverse a efectuar o desencanto.

*Lenda recollida por don Eduardo Ávila Bustillo (Alcalde da Veiga en 1965), segundo o relato dunha "testemuña presencial" dos feitos.*





